

Decembro 2017

## A CIG-Ensino demándalle á Consellaría que flexibilice o permiso por nacemento da outra persoa proxenitora no caso de hospitalización das crianzas

O sindicato trasladoulle á administración a situación do persoal docente con fillos ou fillas hospitalizados que non pode acollerse á redución de xornada tras o seu nacemento nin sumar os días de hospitalización ás cinco semanas que lle corresponden de permiso. A existencia de complicacións nun parto non pode dificultar exercer un dereito.

A CIG-Ensino vén de presentarlle un escrito á Consellaría de Cultura e Educación para que facilite a interpretación da **Orde do 29 de xaneiro que regula os permisos, licenzas e vacacións do persoal docente** co fin de resolver unha situación que padecen algúns pais e nais cando as súas crianzas requiren hospitalización tralo nacemento. En concreto, esta Orde recolle no **artigo 17** o dereito da nai a sumar até 13 semanas máis ao que lle corresponde por permiso por parto (20 semanas a partir de 2018) no caso de que os/as fillos/as sexan prematuros ou requiran hospitalización por calquera outra causa ou ben no **artigo 8** o dereito do persoal funcionario docente a reducir a xornada ou a ausentarse durante dúas horas diarias mentres dure o período de internamento clínico.

Porén, ningún destes dereitos lle corresponden á **outra persoa proxenitora** que ve como no **artigo 18** da citada norma se pecha calquera posibilidade de flexibilidade. En concreto, a Orde recolle que “o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de 29 días de duración (5 semanas a partir de 2018), do cal se fará uso a partir da data de nacemento”. A Consellaría acóllese a este punto



para indicar que o outro proxenitor só pode gozar deste permiso **inmediatamente a partir do nacemento**, deixando en clara situación de indefensión a este persoal docente. É evidente que mentres permanecen hospitalizadas as crianzas están atendidas polo persoal sanitario e a redución de xornada dos seus proxenitores pode ser suficiente para afrontar esta situación. Namentres que unha vez no domicilio, e mais tratándose de nenos/as que veñen de sufrir algunha complicación ou de ser prematuros, requiren de máis coidados e atención.

Desde a CIG-Ensino entendemos que os proxenitores que se ven nesta situación, que xa de por si é complexa, non poden ver conculcado o seu dereito a estar de permiso en igualdade de con-

dicións con respecto a calquera outro pai ou nai (dado que a maioría o disfrutan no seu domicilio). Así pois, a central solicítalle á administración que flexibilice a interpretación da norma ou en último caso que modifique a súa redacción para, ou ben ampliarlle ao profesorado afectado o dereito de redución horaria ou á ausencia parcial ao traballo mentres dure a hospitalización, ou ben se sumen os días de internamento como no caso do permiso que lle corresponde ás nais. En calquera caso, a administración debería cando menos facilitarlle ao outro proxenitor que decida **o momento no que quere comezar a gozar do seu permiso** para evitar que, por exemplo, cando os fillos ou fillas sexan dados de alta xa o teña esgotado e estea incorporado no posto de traballo.